

INFORME XP-24-004: "PROXECTO INDUSTRIAL ESTRATÉXICO (PIE) TRISKELION"

Mediante escrito do 28.06.2024, a Subdirección xeral de Proxectos da Consellería de Economía e Industria solicita o informe previsto no artigo 80.5 do *Decreto Lexislativo 1/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial*, en relación ao Proxecto Triskelion, para a produción de metanol verde, promovido por FORESTAL DEL ATLÁNTICO S.A., achegándose documentación complementaria o 02.07.2024 e o 05.07.2024.

En cumprimento do previsto no dito artigo 80.5 do *Decreto Lexislativo 1/2015, do 12 de febreiro*, corresponde elevar o "Proxecto Industrial Estratéxico (PIE) TRISKELION", para informe do Pleno da Xunta Consultiva en Materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo, que se pronunciará sobre os aspectos urbanísticos do proxecto, tendo en conta os seguintes:

1. ANTECEDENTES

1.1.- Segundo consta no informe da Subdirección xeral de Proxectos da Consellería de Economía e Industria do 05.07.2024, a tramitación do expediente como proxecto industrial estratéxico realizouse conforme ao establecido nos artigos 78, 79 e 80 do Texto Refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial, aprobado polo Decreto lexislativo 1/2015, do 12 de febreiro.

1.2.- O 29/07/2022 a empresa FORESTAL DEL ATLÁNTICO, S.A. solicitou á entón Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación, a declaración como proxecto industrial estratéxico do proxecto TRISKELION para a produción de metanol verde, no concello de Mugardos (A Coruña). O 14/09/2022 FORESTAL DEL ATLÁNTICO, S.A. presentou documentación complementaria á súa solicitude, que foi incorporada ao expediente.

1.3.- Mediante Acordo do 27.10.2022, o proxecto de planta de produción de metanol verde declarouse polo Consello da Xunta de Galicia como Proxecto Industrial Estratéxico (PIE). A dita declaración ten os efectos establecidos no artigo 79.4 do texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industria, aprobado polo Decreto lexislativo 1/2015, do 12 de febreiro.

Segundo o artigo 79.4 do *Decreto Lexislativo 1/2015, do 12 de febreiro*, tras a dita declaración, a consellería competente por razón da materia impulsará de oficio os trámites necesarios para a implantación do proxecto, solicitando todos os informes que resulten precisos para a súa avaliación, en particular, os relativos á súa compatibilidade coa ordenación do territorio. En cumprimento da dita previsión, o 30.12.2022 emitiuse informe da Dirección xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo sobre a compatibilidade do proxecto coas Directrices de Ordenación do Territorio de Galicia.

1.4. De conformidade co artigo 80.1 do citado Decreto Lexislativo 1/2015, do 12 de febreiro, logo

da declaración do proxecto industrial estratéxico, o 30.11.2022 a Subdirección Xeral de Proxectos da Secretaría Xeral de Industria requiriu ao promotor a presentación de toda a documentación esixida pola normativa aplicable, en virtude das esixencias legais derivadas da instalación e das infraestruturas proxectadas e, en particular, para efectos do previsto no artigo 27 da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia. Con data 01.06.2023 e 06.06.2020 recíbese do promotor a documentación completa.

1.5. De acordo co artigo 80.3 do citado texto refundido, publicouse no Diario Oficial de Galicia (DOG núm. 117, do 21 de xuño de 2023), o *Anuncio do 6 de xuño de 2023, da Secretaría Xeral de Industria, polo que se somete a información pública a solicitude de modificación substancial da autorización ambiental integrada (AAI), o estudo de impacto ambiental (EIA) e o proxecto denominado Triskelion, planta de produción de metanol verde, declarado proxecto industrial estratéxico (PIE) polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de outubro de 2022, que se implantará no concello de Mugardos (A Coruña).*

O citado anuncio e toda a documentación técnica antes sinalada estivo dispoñible no Portal de Transparencia da Consellería de Economía, Industria e Innovación para a súa consulta pública polo tempo legalmente establecido.

Certificados de información pública:

- Subdirección Xeral de Proxectos da Secretaría Xeral de Industria: 16.10.2023.
- Concello de Mugardos: 14.08.2023.

Non se presentaron alegacións durante o trámite de información pública.

1.6. Tal e como consta no informe de tramitación achegado e segundo o artigo 80.4, simultaneamente ao trámite de información pública, o órgano responsable da tramitación solicitou os informes ás administracións e órganos sectoriais afectados, tanto os esixidos pola normativa reguladora da autorización sectorial como os esixidos aos efectos da tramitación ambiental. De acordo co indicado pola Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental, durante o procedemento foron consultados os seguintes organismos:

1. Augas de Galicia:

- 1.1. Solicitude de informes a Augas de Galicia do 23.06.2023 e do 12.09.2023.
- 1.2. Informes de Augas de Galicia do 17.07.2023 e do 22.09.2023.

2. DX Emerxencias e Interior:

- 2.1. Solicitude de informe da DX de Emerxencias e Interior do 23.06.2023.
- 2.2. Informe da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior do 06.07.2023.

3. DX Patrimonio Cultural:

- 3.1. Solicitude de informe da D.X. do Patrimonio Cultural do 23.06.2023.
- 3.2. Informe remitido pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural o 14.07.2023.

4. DX Patrimonio Natural:

- 4.1. Solicitude de informe da D.X. Patrimonio Natural do 23.06.2023.

DIRECCIÓN XERAL DE URBANISMO
CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

Edificio Administrativo de San Caetano
Edificio número 5, 15781 Santiago de Compostela
T. 981 544 355
sxurbanismo@xunta.gal
www.xunta.gal

4.2. Informe remitido pola Dirección Xeral de Patrimonio Natural o 27.06.2023.

5. DX Saúde Pública:

5.1. Solicitud de informe da Dirección Xeral de Saúde Pública do 23.06.2023.

5.2. Informe remitido pola Dirección Xeral de Saúde Pública o 12.07.2023.

6. Instituto Estudos Territorio:

6.1. Solicitud de informe do Instituto de Estudos do Territorio do 23.06.2023.

6.2. Informe remitido polo Instituto de Estudos do Territorio o 14.07.2023.

7. D.X. Ordenación do Territorio e Urbanismo:

7.1. Solicitud de informe a DXOTU do 23.06.2023.

7.2. Informe remitido por DXOTU do 30.06.2023.

8. SX Meteoroloxía e Cambio Climático:

8.1. Solicitud de informe a S.X. M. e CC do 23.06.2023 e do 12.09.2023.

8.2. Informe remitido pola S.X. Meteoroloxía e CC do 12.07.2023 e do 26.09.2023.

9. SX Avaliación Ambiental:

9.1. Solicitud de informe a SXAA do 23.06.2023.

9.2. Informes remitidos pola SXAA do 07.07.2023 e do 22.09.2023.

10. Xefatura Territorial de Industria:

10.1. Solicitud de informe a XT do 23.06.2023.

10.2. Informe remitido polo Servicio de Industria o 06.07.2023

11. Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais:

11.1. Solicitud de informe a DXPERN do 23.06.2023.

11.2. Informe remitido por DXPERN o 11.07.2023.

12. Servicio Periférico de Costas, Dirección Xeral da Costa e o Mar:

12.1. Solicitud de informe a DXCM do 23.06.2023.

12.2. Reiteración da solicitude do 10.08.2023.

12.3. Sen resposta.

13. Axencia Galega de Infraestruturas:

13.1. Solicitud de informe a AXI do 23.06.2023.

13.2. Informe remitido por AXI o 29.06.2023.

14. Concello de Mugardos:

14.1. Solicitud de informe a CM do 03.07.2023.

14.2. Reiteración da solicitude do 09.08.2023.

14.3. Informe remitido por CM o 16.10.2023.

15. Autoridade Portuaria Ferrol-San Cibrao:

15.1. Solicitud de informe a APF do 03.07.2023.

15.2. Informe remitido por APF o 14.07.2023.

16. Consellería do Mar:

16.1. Solicitud de informe a CMar do 03.07.2023.

16.2. Informe remitido pola CMar o 20.07.2023.

17. Federación Ecoloxista de Galicia:

17.1. Solicitud de informe a FEG do 03.07.2023.

17.2. Sen resposta.

18. Sociedade Galega de Historia Natural:

18.1. Solicitud de informe a SGHN do 03.07.2023.

18.2. Sen resposta

19. Sociedade Galega de Ornitoloxía:

19.1. Solicitud de informe a SGO do 03.07.2023.

19.2. Sen resposta.

Os citados informes, xunto con copia do expediente completo e informe do órgano substantivo de data 27.10.2023, foron remitidos o 30.10.2023 á Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático para continuar co trámite ambiental.

O 17.11.2023 a DX de Calidade Ambiental requiriu solicitar novo informe a Augas de Galicia.

O 21.11.23 Augas de Galicia solicita que se lle requira ao promotor nova documentación.

O 26.12.2023 o promotor presenta a dita documentación.

O 26.01.2024 Augas de Galicia remite informes da Área de Vertidos e da Área de Calidade das Augas, que foron remitidos a D.X. de Calidade Ambiental na mesma data.

1.7. Por resolución do 29.01.2024 a Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, formulou a Declaración de Impacto Ambiental do proxecto Triskelion, concluíndo que é ambientalmente viable (DOG do 13/02/2024).

1.8. Por resolución do 13.02.2024 a Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático modificou, por modificación substancial, a Autorización Ambiental Integrada num. 2006/0349_NAA/IPPC_168 outorgada a Forestal del Atlantico, SA para incluír o proxecto denominado Triskelion, planta de produción de metanol verde que se localizará nas súas instalacións do concello de Mugaros (A Coruña).

1.9. Por resolución do 14.05.2024 a Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Minas, autorizou o desmantelamento da planta de coxeración existente e a modificación resultante que Forestal del Atlántico, S.A. promove no concello de Mugaros (A Coruña).

1.10. Segundo consta no informe de tramitación achegado, para continuar co procedemento de aprobación do proxecto previsto no artigo 80 do texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial, o 14.05.2024 o promotor achegou a seguinte documentación para a súa aprobación definitiva:

- *Memoria de integración "proyecto Triskelion".*
- *Proyecto de cambio de combustible y modificación de potencia de la planta de cogeneración de Forestal del Atlántico S.A.*
- *Proyecto de ejecución y autorización de la nueva ERM y abastecimiento de gas para las*

DIRECCIÓN XERAL DE URBANISMO
CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

Edificio Administrativo de San Caetano
Edificio número 5, 15781 Santiago de Compostela
T. 981 544 355
sxurbanismo@xunta.gal
www.xunta.gal

instalaciones de Forestal del Atlántico S.A.

- *Proyecto de ejecución de planta de fabricación de metanol verde.*

2. DESCRICIÓN DO PROXECTO

2.1. O obxecto da actuación proposta é a instalación do proxecto “Triskelion”, formado por diferentes unidades de produción, cuxo elemento principal é a fabricación de metanol verde, que se emprazará xunto as instalacións xa existentes e que están adicadas, principalmente, á fabricación de formol, colas e resinas, se ben tamén se levan a cabo outras actividades como a xestións de residuos marpol, almacenamento e distribución de graneis líquidos, como o metanol ou fueloil. O proxecto prevé a fabricación de ata 160 t/día (54.400 t/a) de metanol verde e ata 83.200 t/a de oxíxeno, para a súa comercialización.

Está previsto que a execución do proxecto se desenvolva nas seguintes tres Fases:

- **Fase I:** Substitución da actual coxeración de gasóleo/fueloil por unha máis eficiente da mesma potencia, que utilizará gas natural como combustible, e inclúe a construción das infraestruturas asociadas (gasoduto de subministración) e a modificación da piscina de refrixeración.

Os proxectos correspondentes a esta Fase I son os seguintes:

- Proxecto de cambio de combustible e modificación de potencia da planta de coxeración de Forestal Da Atlántico S.A.

- Proxecto de execución e autorización de nova ERM e abastecemento de gas para as instalacións de Forestal da Atlántico S.A.

- **Fase II:** Implantación da planta de captación de CO₂, planta de hidróxeno de 66 MW de potencia nominal, planta de licuefacción de O₂ e planta de síntese e destilación de metanol, para a produción de ata 40.000 t/a (120 t/día) de metanol verde e 59.643 t/a de osíxeno.

- **Fase III:** Ampliación da planta de hidróxeno verde ata uns 77 MW de potencia nominal, ao obxecto de obter unha produción de 52.000 t/a (156 t/día) de metanol verde e 75.963 t/a de osíxeno.

O proxecto correspondente ás Fases II e III: Proxecto de execución de planta de fabricación de metanol verde.

2.2. O proxecto localizarase dentro das actuais instalacións de FORESTAL, no concello de Mugar dos (A Coruña), na marxe esquerda do tramo intermedio da ría de Ferrol, en Punta Promontorio; ocuparase a parcela 1926005NJ6112S0001TU, na que se atopan o resto das instalacións de FORESTAL, así como a parcela existente de referencia catastral 1926001NJ6112S0001KU, de propiedade da Autoridade Portuaria de Ferrol-San Cibrao, para os cales FORESTAL dispón de concesión de ocupación.

2.3. A superficie máxima prevista para o proxecto, sen considerar o almacenamento de metanol, para o que se prevé utilizar os tanques actuais da instalación, é de aproximadamente 18.000 m², sendo a planta de hidróxeno a que maior ocupación ten.



Figura 5: Localización de las parcelas

A parcela 1926001NJ6112S0001KU, propiedade da autoridade portuaria nestes momentos, atópase libre de edificacións, e prevese que nela instálense as unidades de xeración de hidróxeno renovable mediante electrólise da auga, a planta de licuefacción de osíxeno, a planta de tratamento de auga para produción de auga desmineralizada e a unidade de refrixeración pechada con torre de refrixeración e aerorrefrigeradores.

Pola contra, a parcela 1926005NJ6112S0001TU, propiedade de Forestal, actualmente alberga instalacións de diferentes usos. A actual nave de coxeración de fuel e lindeiros terán que ser demolidas para albergar a nova planta de coxeración de gas natural e a captura de CO₂. Nesa parcela tamén se vai a instalar a síntese e destilación do metanol, edificio de control e subestación eléctrica.

2.4. O Proxecto TRISKELION está conformado por tres actuacións desenvoltas de forma independente en proxectos separados, que se describen de xeito sucinto a continuación:

2.4.1. Proxecto de cambio de combustible e modificación de potencia da planta de coxeración

Para levar a cabo o cambio de combustible substituiranse os actuais motores xeradores por outros que utilicen gas natural como combustible. Esta substitución non implica unha modificación substancial da actual potencia de xeración eléctrica da instalación, xa que simplemente se reduce minimamente do 24.800kW actuais a 23.520kW.

Tamén levará a cabo a substitución de equipos dos sistemas de refrixeración e recuperación da calor disipada polos motores, por exemplo as caldeiras de recuperación. Manteranse os equipos de absorción para a produción de auga fría a partir do circuíto de refrixeración dos motores .

A actual coxeración está conectada á rede de distribución a través dunha subestación de 132/6kV, que non sufrirá ningunha modificación. Os novos motores xeran á mesma tensión que os actuais, de maneira que se aproveitará gran parte da instalación actual de 6kV, conectando os novos motores ao embarrado de 6kV existente.

Os novos motores necesitan doutros sistemas auxiliares para o seu correcto funcionamento, como sistemas de refrixeración de aceite, aire comprimido e outros.

Para adaptar a instalación existente ás novas necesidades realízanse modificacións no centro de transformación existente, instálanse novas liñas de 6kV para a interconexión dos novos motores co centro de transformación existente, e instálase un pequeno centro de transformación na nova nave para os servizos auxiliares da nova nave.

Coa instalación dos novos motores utilízase un combustible máis limpo desde o punto de vista das emisións de gases contaminantes, con rendementos eléctricos máis elevados que permiten mellorar notablemente a eficiencia da instalación e unha redución da enerxía necesaria para a xeración de electricidade.

Este proxecto xa foi autorizado por resolución do 14.05.2024 da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Minas.

2.4.2. Proxecto de execución e autorización de nova ERM e abastecemento de gas

As instalacións obxecto deste proxecto son as seguintes:

- Tramo de tubaxe a 80 bar desde o gasoduto existente ata a E.R.M. (a conexión ao gasoduto e a nova posición de válvulas a executar por Enagás é obxecto doutro proxecto).
- ERM G-400 e as súas instalacións auxiliares (caseta de control e comunicacións, acometida eléctrica, acometida de auga quente para achega térmica, by pass de emerxencia e sistema de odorización).
- Rede de tubaxes a 10 bar para abastecemento á nova central de coxeración, caldeiras e RTO, xunto cos correspondentes armarios de regulación e medida en cada consumidor.

Este proxecto non necesita autorización administrativa, segundo consta non informe da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais de data 11.07.23.

2.4.3. Proxecto de execución de planta de fabricación de metanol verde

As características principais do Proxecto (Fases II e Fase III do Proxecto TRISKELION) inclúen a implantación dunha Planta de fabricación de metanol verde e osíxeno que incorpora as seguintes unidades principais:

- Planta de captación de CO₂, mediante un sistema de absorción/desorción química de aminas, que capturará o CO₂ contido nos gases de combustión da nova coxeración que se prevé instalar na Planta (en substitución da existente). O sistema de captura de CO₂ disporá dunha torre de

lavado (scrubber) para o arrefriado e adecuación do gas procedente da coxeración, antes de alimentarse á unidade de captura. A planta será deseñada con capacidade para tratar todo o caudal de fume, capturando unhas 76.055 t/a de CO₂ (Fase III). Na Fase II, só levará á planta de captura un caudal de fumes que conteña o CO₂ requirido para producir 120TPD de metanol (58.438 t/a). O caudal de fumes sobrante será venteado á atmosfera.

- Planta de fabricación de hidróxeno verde mediante electrólise, 77 MW de potencia (en Fase III, 66MW instalados en Fase II), o que permitirá a xeración de ata 10.348 t/a de hidróxeno e 75.963 t/a de osíxeno. Todo o hidróxeno xerado será utilizado para a fabricación de metanol verde, aínda que o osíxeno será purificado, licuado e almacenado nas instalacións para uso interno ou ben a súa venda.

O proceso consistirá nunha electrólise alcalina, e requirirá como materia prima, para a máxima capacidade, auga desmineralizada (13,10 m³/h en Fase III) e electricidade, que será fornecida mediante un contrato PPA que garanta unha orixe 100 % renovable. A auga requirida para a fabricación de hidróxeno será fornecida pola rede municipal, a cal deberá ser tratada previamente antes da súa utilización no electrolizador. Para reducir o consumo de auga e a vertedura asociada considerouse a reutilización dalgúns fluxos de auga xerados polo proxecto e a instalación.

- Planta de licuefacción de O₂: cunha capacidade de produción de 6.792 Nm³/h, que permitirá licuar e almacenar o osíxeno producido no electrolizador. Prevese para esta unidade a instalación dun almacenamento de 250 m³ de O₂ licuado e un cargadero de cisternas para a súa posterior distribución.

- Planta de fabricación de metanol, a partir do CO₂ captado e o H₂ verde obtido, nun proceso catalítico de síntese de metanol, e a súa posterior destilación en dúas torres. O metanol obtido inicialmente usarase para a súa venda. A produción total de metanol prevista será dunhas 52.000 t/a (en Fase III, 40.000 t/a – 120TPD en Fase II), a cal será almacenada en tanques existentes. As necesidades de vapor do Proxecto serán satisfeitas cunha xeración interna aproveitando fontes de calor do proceso. Para cubrir as necesidades de refrixeración prevíuse a instalación dun circuíto pechado con torre de refrixeración e a utilización de aerorrefrixeradores para arrefriado cando sexa posible.

O proxecto dotará á planta de FORESTAL en Mugar dos de novas instalacións auxiliares que darán servizo ao proxecto TRISKELION: planta de desmineralización, nova subestación eléctrica, torres de refrixeración, aerorrefrixeradores etc.

Por outra banda, hai que ter en conta que este establecemento industrial está afectado polo Real Decreto 840/2015, de 21 de setembro, polo que se aproban medidas de control dos riscos inherentes aos accidentes graves en que interveñan substancias perigosas, no seu nivel superior. Así mesmo, está incluído dentro do Catálogo Nacional de Infraestruturas Estratéxicas.

A este respecto, deberanse ter en conta as consideracións incluídas no informe da Xefatura Territorial da Consellería de Economía e Industria de A Coruña de data 06.07.23. O promotor deberá presentar ante o dito Departamento Territorial, a documentación requirida nos prazos establecidos no apartado conclusións do citado informe (tres meses antes de comezar a construción).

3. ORZAMENTO

O orzamento total do proxecto ascende a 200.514.031,81 €, desagregado segundo aparece na seguinte táboa:

PROYECTO TRISKELION	PRESUPUESTO DE EJECUCIÓN MATERIAL
FASE I: PROYECTO DE CAMBIO DE COMBUSTIBLE Y MODIFICACIÓN DE POTENCIA DE LA PLANTA DE COGENERACIÓN DE FORESTAL DEL ATLÁNTICO S.A.	DOCE MILLONES QUINIENTOS SESENTA Y DOS MILDOSCIENTOS VEINTINUEVE EUROS CON NOVENTA Y SEIS CÉNTIMOS (12.554.241,65€)
FASE I: PROYECTO DE EJECUCIÓN Y AUTORIZACIÓN DE NUEVA ERM Y ABASTECIMIENTO DE GAS PARA LAS INSTALACIONES DE FORESTAL DEL ATLÁNTICO S.A.	UN MILLON DOSCIENTOS CINCUENTA Y UN MIL SEISCIENTOS CINCUENTA Y CINCO EUROS CON NOVENTA CÉNTIMOS (1.251.655,90€)
FASE II Y III: PROYECTO DE EJECUCIÓN DE PLANTA DE FABRICACIÓN DE METANOL VERDE	CIENTO OCHENTA Y SEIS MILLONES SETECIENTOS OCHO MIL CIENTO TREINTA Y CUATRO EUROS CON VENTISEIS CÉNTIMOS (186.708.134,26 €)
PROYECTO TRISKELION (Fase I + II + III)	DOSCIENTOS MILLONES QUINIENTOS CATORCE MIL TREINTA Y UN EUROS CON OCHENTA Y UN CÉNTIMOS (200.514.031,81€)

4. PLANEAMENTO URBANÍSTICO

4.1. O Planeamento urbanístico vixente no concello de Mugar dos é o Plan Xeral de Ordenación Municipal aprobado definitivamente o 19/10/1999. Por outra parte, no ámbito analizado inciden, nomeadamente, o Plan Especial de Reforma Interior P-6 do Solo Urbano Industrial de Punta Promontorio, aprobado en marzo de 1999; e a modificación puntual para a adecuación de usos de regasificación no solo industrial de Punta Promontorio, aprobada definitivamente o 13/06/2012.

4.2. As actuacións propostas obxecto do proxecto emprázanse, nunha parte, en terreos clasificados polo PXOM como solo urbano industrial; e outra parte, sobre terreos que foron gañados ao mar trala ampliación do Porto de Ferrol-San Cibrao, e que foron obxecto de concesión de dominio público portuario outorgada o 31/07/2002, cualificados como sistema xeral portuario.

4.3. No apartado 4 da memoria de integración que consta entre a documentación achegada, inclúese un apartado específico de xustificación urbanística. Neste apartado preséntase de forma integral a xustificación de cumprimento da normativa urbanística de aplicación ao proxecto TRISKELION no seu conxunto. Igualmente, cada un dos proxectos que se anexan como apéndices desta memoria contan coa súa correspondente xustificación de cumprimento da normativa urbanística.

En todo caso, de conformidade co previsto nos artigos 79.4 c) e 81.2 do *Decreto Lexislativo 1/2015, do 12 de febreiro*, as determinacións contidas nos proxectos industriais estratéxicos terán forza

vinculante para as administracións públicas e os particulares e prevalecerán sobre as determinacións do planeamiento urbanístico vixente.

5. COMPATIBILIDADE COAS DETERMINACIÓNS DAS DIRECTRICES DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E OUTROS INSTRUMENTOS DE ORDENACIÓN TERRITORIAL

5.1. No ámbito territorial de implantación do proxecto industrial estratéxico inciden as Directrices de ordenación do territorio de Galicia (DOT), aprobadas polo Decreto 19/2011, de 10 de febreiro (DOG do 22.02.2011); e o Plan de Ordenación do Litoral, aprobado polo Decreto 20/2011, do 10 de febreiro.

5.2. Segundo a súa determinación 10.2.25, as determinacións das DOT non serán de aplicación ao planeamento aprobado provisional ou definitivamente á súa entrada en vigor, como é o caso do PXOM de Mugardos, polo que atópanse vixentes as disposicións do dito planeamento nese ámbito.

5.3. O contexto territorial da localización do proxecto está condicionado polo seu emprazamento na Ría de Ferrol, cun marcado carácter urbano e industrial, representando una estrutura urbana laxa na zona sur, onde destacan núcleos como Mugardos, Meá (San Vicente), O Seixo e Franza; e un tecido urbano continuo ao norte co núcleo de Ferrol. Ademais, constitúe unha importante zona portuaria, coa presenza de numerosos peiraos asentados nos termos municipais de Mugardos, Fene e Ferrol, onde se desenvolve unha intensa actividade comercial, pesqueira e industrial. A localización elixida é unha zona xa antropizada e industrial, polo que a presenza de infraestruturas minimiza o impacto respecto a unha zona sen desenvolvemento urbanístico.

5.4. A determinación 4.4.1 das DOT, contempla dentro do sistema portuario de Galicia o porto de interese xeral do Estado Ferrol-San Cibrao; e, entre as súas determinacións orientativas, alúdese ás infraestruturas de xeración e abastecemento enerxético, á conveniencia de estender as infraestruturas de abastecemento de gas natural (entre as que pode considerarse a actuación proxectada) aos entramados urbanos das áreas urbanas e, progresivamente, aos restantes nodos do sistema de asentamentos, considerándose na memoria das DOT ao gas natural como o principal recurso de diversificación e redución da contaminación derivada das necesidades enerxéticas.

5.5. Por outra parte, entre os obxectivos para a variable de sustentabilidade ambiental de enerxía recollidos nas DOT está o de favorecer a diversificación das fontes de aprovisionamento enerxético, de xeito que se intensifiquen os esforzos tendentes a un maior aproveitamento dos recursos autóctonos e, en especial, de fomento das fontes de enerxía renovables, co que cabe entender aliñado o obxecto da implantación do proxecto Triskelion para á produción de metanol verde.

Na mesma liña, as políticas en materia enerxética no actual contexto europeo, van orientadas a fomentar o uso de produtos sostíbles, propiciando unha economía circular. Neste senso, a actuación proxectada enténdese aliñada con estas políticas, dado que o metanol verde é unha solución sostíble que contribuirá unha descarbonización efectiva e progresiva da industria química. Este proxecto está tamén aliñado coas iniciativas de transición enerxética e ecolóxica aprobadas pola Unión Europea (European Green Deal, European Climate Law, EU Hydrogen

Strategy, Fit for 55 %, etc.), así como polo goberno español (PNIEC, Lei Cambio Climático e Transición Enerxética, PRTR, Ruta do Hidróxeno, REPowerEU, etc.).

En definitiva, o obxectivo final da actuación proposta é o desenvolvemento de produtos químicos de xeito sostible, contribuíndo tanto á descarbonización do sector industrial, como a potenciar o desenvolvemento social e económico da contorna, situando ao Porto de Ferrol, como o primeiro porto do mundo na comercialización de metanol verde.

5.6. No que atinxe á incidencia do Plan de ordenación do litoral (POL), os terreos do ámbito do proxecto coa consideración de solo urbano quedan fóra do seu ámbito de aplicación, en virtude do sinalado no artigo 3 da súa normativa, tal e como se plasma na cartografía de xestión do citado instrumento de ordenación territorial (folla AI-12).

No que respecta aos terreos gañados ao mar, que non teñen clasificación no PXOM, por ser posterior o seu recheo á súa aprobación, incluíronse na área de ordenación do POL. Porén, segundo o sinalado no artigo 72 da normativa do POL, os sistemas xerais territoriais, dos que os terreos forman parte pola súa inclusión no sistema xeral portuario do Porto de Ferrol, rexeranse pola súa normativa específica que, neste caso, a constitúe a normativa reguladora das infraestruturas portuarias.

En atención ao exposto e á vista do informe favorable da Consellería de Economía e Industria do 5.07.2024, en cumprimento do previsto no artigo 80.5 do *Decreto Lexislativo 1/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial*, infórmase favorablemente o “*Proxecto Industrial Estratéxico (PIE) TRISKELION*” polo Pleno da Xunta Consultiva en Materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo.